

Albi

ÚLTIMO TRABALLO

Sansolimón

Cunha man tendida cara ao futuro e outra agarrando do noso pasado, neste novo traballo de Ailá, o grupo galego ofrecerá a súa visión da música de transmisión oral, inspirada nas músicas e bailes de raíz, como protectoras da nosa saúde e defensoras do noso patrimonio inmaterial.

Mantendo a esencia do seu primeiro álbum, presentan un repertorio renovado con arranxos moi coidados.

As músicas que Ailá ofrece neste traballo, proceden das catro esquinas da Galicia, teñen o aroma das frores e silveiras do Courel, o recio porte do dolmen de Cabaleiros, a afiada e agreste paisaxe dos cantís de San Andrés, as cariñosas brisiñas do mar de Cedeira, o son das Rumbas do Ferreiro de Laroá peneiradas ao son da gaita na emigración, a graza e o entusiasmo das Moliñeiras de Riamonte nas montañas de Cervantes, a forza telúrica dos Maneos da Tía María de Silván, a sabedoría de Dorinda "De Rafaela" mestra pandeireteira de Ghisande, o cheiro a sacho e a terra das añas de Riofrío mesturado co salitre do funaná Caboverdiano e novas alianzas e amizades para imaxinar un mundo máis unido e máis diverso xunta coas nosas amigas de Breizh e Puglia.



Santo André



BIOGRAFÍA

Das máxicas foliadas na casa das Crechas emerxe Ailá. Unha proposta inspirada no respecto á tradición e á música patrimonial galega, pero cunha visión sen fronteiras, mesturada con aromas, ritmos e cores doutros lugares e doutras culturas, aberta ao mundo sen complexos, e sobre todo coa ilusión e a curiosidade de todo aquel que ama o que fai.

Ailá é un dos representantes das novas Tribus Tradis galegas, un xénero que excede o musical e no que a danza e a música pasan a converterse nunha maneira de entender a vida, unha maneira de estar no mundo.

Neste novo traballo titulado *Sansolimón*, Ailá trae un repertorio pensado para cantar e bailar cunha música que nos ofrece protección contra un mundo cada vez máis individualista e máis homoxéneo.

Este novo traballo, será o segundo disco desta emerxente banda do panorama musical galego.

Ailá é unha proposta inspirada na música tradicional de transmisión oral de Galicia co obxectivo de facer bailar e de sentir esa enerxía universal feita “de raíces e de ás” pero tamén é unha proposta semántica, un neoloxismo para nomear a esencia emocional do noso pobo presente en “os ecos da memoria de quen nos precedeu”.

Ailá mergúllanos no universo Folk, ou TRADI como prefiren denominalo, cuns impecables arranxos, desde as recollidas históricas do saber musical popular. Todo unido á peculiar formación composta por catro músicos, dalle un carácter único, achegando unha nova sonoridade ao seu repertorio tradicional. Unha nova proposta que vén do Folk para converterse en TRADI.

Ademais, Ailá pretende con esta nova proposta artística facer chegar a súa música de raíz ás xeracións máis novas, cunha linguaxe e sons máis próximos sen perder a esencia, achegando unha visión máis ampla do universo musical no panorama actual e creando o seu particular estilo TRADI.

Ailá fráguese nas máxicas noites de foliada na Casa das Crechas, na que, ao baixar o pano, sempre daba acubillo a algunhas e algúns dos protagonistas para seguir facendo música.

Estas pequenas sesións musicais nutríanse dun repertorio inspirado en arquivos sonoros, cancioneros populares e gravacións musicais antigas que entre todas e todos os presentes dábanlle forma e insuflaban vida.

Co tempo, e a partir destes acordes de creación colectiva, confórmase unha banda co veterano acordeonista e bombeiro Xan Pampín cunha dilatada experiencia musical en grupos como Radio Cos ou Banda das Crechas, que leva o papel de investigador e arreglista do repertorio do grupo.

As voces e percusións están a cargo de Manuele Pardo, un músico e gaiteiro con gran experiencia musical en grupos como Vos da Porfía, Enxebres de San Lázaro, A Requinta de Xián, AC a Má mou de Luou, e Ángela Carou, unha nova artista de Rianxo que ten unha formación ampla na AC Brincadeira, AC Fogo Fátuo e o Grupo vocal Fonetix.

Por último, á trompeta e fliscorno está Abel Gañete, que vén doutra das grandes tradicións da nosa terra, as bandas de música, e como músico formouse na Banda de Música Cultural de Teo, Big Band de Marcos Pin e Pablo Castaño e a Charanga TNT.

A través do Ailá, o cuarteto levará un repertorio de pezas que rende homenaxe ao legado das nosas nais e avoas, ás agrupacións folclóricas, aos compiladores que recuperaron parte da nosa historia e tamén estará presente o traballo de artesáns, de costureiras, de pintores, e as xentes que forman parte dese ecosistema vivo que aquí lle chamamos tradición.

En 2020 foron seleccionados para representar a Galicia no Celtic Connection e tamén unha das propostas gañadoras do premio Interritmos 2020. Ademais dos exitosos concertos realizados en Galicia durante estes anos, percorreron gran parte da península ibérica cunha magnífica acollida de crítica e público.



FORMACIÓN

ÁNGELA CAROU	Voz e percusión
MANUELE PARDO	Voz, percusión e gaita
ABEL GAÑETE	Fliscorno e trompeta
XAN PAMPÍN	Acordeón e bombo





Management / Contratación
Maruchy Suárez
www.mirmidon.es
maruchy.mirmidon@gmail.com
34 667 706 241